BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
Deputación Pontevedra
Xoves, 30 de xuño de 2016 Nº 124

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## PONTEVEDRA

### Persoal, oposicións

*BASES REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO A DIVERSAS CATEGORÍAS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL INTEGRADAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA DO ANO 2015*

*ANUNCIO POLO QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO E SE DA PUBLICIDADE AS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR DIVERSAS PRAZAS VACANTES NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2015*

*ANTECEDENTES DE FEITO*

1.—O Concelleiro de Goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio convocou, mediante Resolución de data 16/06/2016, os procesos selectivos para a cobertura de diversas prazas vacantes no Corpo da Policía Local do Concello de Pontevedra incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2015, que a continuación se sinalan:

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A1. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, Número de vacantes: 1 Denominación: *Intendente.*

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, Número de vacantes: 2. Denominación: *Inspector.*

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, Número de vacantes: 3. Denominación: *Oficial.*

— Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, Número de vacantes: 3. Denominación: *Policía.*

Establécese o sistema de oposición libre para a provisión de tres prazas de Policía, o sistema de concurso-oposición mediante o procedemento de promoción interna para a provisión de dúas prazas, e o sistema concurso de méritos para a quenda de mobilidade horizontal para o acceso desde outros corpos da policía local da Comunidade Autónoma de

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Galicia para a praza restante na provisión das tres prazas de Oficial, o sistema de concurso-oposición mediante o procedemento de promoción interna para a provisión das dúas prazas de Inspector, e o sistema de concurso-oposición mediante o procedemento de promoción interna para a provisión da praza de Intendente.

2.—Os devanditos procesos selectivos réxense polas bases xerais e específicas reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra na sesión que tivo lugar 13 de xuño de 2016, cuxo teor literal se transcribe a continuación:

**“BASES REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO A DIVERSAS CATEGORÍAS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL INTEGRADAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA DO ANO 2015. APROBACIÓN.**

*ANTECEDENTES DE FEITO*

1.—O día 29/04/2016 reuniuse a Mesa Xeral de Negociación Conxunta para a negociación colectiva das bases reguladoras dos procesos selectivos para cubrir determinadas prazas vacantes do Concello de Pontevedra incluídas na OEP do ano 2015, entre as que se atopan as bases relativas ás prazas vacantes do Corpo da Policía Local da dita OEP de 2015, que se aprobaron de forma maioritaria tras a inclusión dunha serie de cambios nos termos que constan na acta cuxa copia se incorpora ao expediente.

2.—En consecuencia e coas modificacións aprobadas tras a negociación colectiva, con data 10/05/2016o Concelleiro de Goberno Responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio aprobou a proposta definitiva na que se inclúen as bases reguladoras dos procesos selectivos para o acceso a diversas categorías do Corpo da Policía Local entre as que se atopan as bases específicas correspondentes aos procesos selectivos para a cobertura de 1 praza vacante de intendente, 2 prazas de inspector, 3 prazas de oficial e 3 prazas de policía da Policía local.

3.—As prazas cuxo proceso selectivo se regula coas presentes bases reguladoras recóllense na oferta de emprego público (en adiante OEP) do Concello de Pontevedra para o ano 2015, aprobada pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 14/09/2015 e publicada no BOP núm. 181, do 18/09/2015 e no BOP núm. 11 do 19/01/2016 (corrección de erros).

4.—Constan no expediente informes emitidos polo Servizo de Persoal e pola Intervención Xeral Municipal, nos que se fai constar unha serie de observancias legais respecto do contido da proposta do Concelleiro de Goberno.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

5.—Nas bases da presente proposta efectúase un cambio respecto das contidas na proposta sometida a informe do Servizo de Persoal e da Intervención Xeral Municipal, relativo á modalidade de pago das taxas por dereitos de exame, xa que se recolle a proposta efectuada desde o Servizo de Xestión Tributaria para proceder ao cobro nos termos recollidos na base xeral 5ª, a través da Sede Electrónica.

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

1.—Tal e como se fai constar no Informe do Servizo de Persoal, a lexislación aplicable está constituída polas normas que se enumeran a continuación, que se poden clasificar segundo as categorías seguintes:

A/ NORMAS ESPECÍFICAS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL (de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia):

— Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia (DOG núm. 85, do 3 de maio de 2007).
— Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a lei de coordinación de policías locais. (DOG núm. 211, do 30 de outubro de 2008), que foi modificado mediante Decreto 77/2010, do 29 de abril (DOG núm. 89 do 12 de maio de 2010 e DOG núm. 98 do 26 de maio de 2010).
— Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, para a integración dos vixilantes, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada (DOG núm. 22, do 2 de febreiro de 2009).

B/ NORMAS REGULADORAS DOS PRINCIPIOS E PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO EMPREGO PÚBLICO CON CARÁCTER XERAL (Normativa básica e de desenvolvemento autonómico que resultarán aplicables en aquelo non previsto pola lexislación específica do corpo de policías locais, arriba enumerada):

— Constitución Española de 1978 (C.E. De 1978)
— Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), o cal, no seu artigo 3.2 dispón que os corpos da policía local se rexen tamén por este Estatuto e pola lexislación das Comunidades Autónomas, agás no establecido para eles na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.
— Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local (LBRL).
— Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

— Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos á que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local, cuxa disposición adicional terceira dispón que a selección dos funcionarios dos Corpos de Policía local e de Bombeiros se rexerá polo establecido no presente Real decreto en canto non se opoña ás súas normas específicas.

— Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEP de Galicia), aplicable de acordo co disposto no seu artigo 7 (apartados 1 e 2).

— Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm.32, do 17/02/2016)

— Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia (vixente nos termos dispostos no apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da LEP de Galicia e aplicable en virtude do artigo 205.1 da mesma Lei).

— Real decreto 635/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (de aplicación supletoria no eido local).

2.—Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria dos procesos selectivos para prover prazas vacantes nesta Administración municipal, ao abeiro do artigo 21.1B) do Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración Municipal, publicado no BOP núm. 248 do día 28 de decembro de 2005 e así mesmo segundo o disposto no artigo 1271.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, redactado pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de modernización do Goberno Local.

Á vista dos antecedentes de feito e fundamentos xurídicos arriba expostos, a Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta do Concelleiro de Goberno responsable da área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio de 13/06/2016, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras dos procesos selectivos para o acceso a diversas categorías do corpo da Policía local do Concello de Pontevedra, integradas na oferta de emprego público do ano 2015, nos termos propostos polo Concelleiro de Goberno Responsable da Área de Réxime Interior, Persoal e Actividade Económica, que resultan do teor literal seguinte:

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

# “BASES REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO A DIVERSAS CATEGORÍAS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, PROCEDENTES DA OEP DO ANO 2015

## TRES PRAZAS DA CATEGORÍA DE POLICÍA

*1ª.—Número de prazas e características*

Convócanse tres (3) prazas da categoría de policía, integradas no grupo “C”, subgrupo C1, da escala básica de administración especial, subescala de servizos especiais, do Corpo da Policía Local do Excmo. Concello de Pontevedra, dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e coas complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriban as prazas.

Figuran incluídas dentro do réxime de dedicación exclusiva.

*2ª.—Sistema de acceso*

Establécese o sistema de oposición libre para a súa provisión.

*3ª.—Requisitos para o acceso*

1. Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso pola quenda de oposición libre, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española.

b) Superar os 18 anos de idade.

c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 metros as mulleres. Este requisito acreditarase mediante declaración xurada sen prexuízo da súa posterior constatación.

d) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso á categoría de policía (grupo C, subgrupo C1), consonte a normativa de función pública e, en todo caso, de acordo coa lexislación vixente reguladora da coordinación de policías locais de Galicia, que se acreditará mediante a presentación de copia do titulo oficial, e, no seu defecto, copia do xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse copia da certificación do Ministerio de educación, cultura y deporte en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).

e) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B. Deberase achegar copia dos ditos permisos.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

f) Non ter sido condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada nos termos sinalados.

g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada.

h) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, acreditado mediante declaración xurada.

i) Presentación dun certificado médico en que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluirá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.

j) Presentación do xustificante de aboamento dos dereitos de exame.

2. Todos estes requisitos deberán acreditalos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

*4ª.—Presentación de solicitudes*

As instancias dirixiranse ao Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pontevedra, e presentaranse no Rexistro Xeral no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, especificando a quenda pola que se presente e achegando unha copia do DNI, xustificación do pagamento dos dereitos de exame así como a xustificación dos requisitos establecidos na base anterior.

Ademáis na solicitude deberase elixir a língua (galego ou castelán) en que queren que se lles plantexen os exercicios. Se non se sinala nada entenderase que a lingua elixida é a galega. Por motivos de operatividade, unha vez escollido un idioma non se permite a sua modificación.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Aqueles aspirantes que acrediten o nivel Celga 4 de coñecemento da lingua galega quedarán exentos da realización do exercicio correspondente ao coñecemento da lingua galega da oposición. Esta circunstancia deberán acreditala documentalmente xunto coa solicitude de participación no correspondente proceso selectivo.

Poderanse facilitar modelos normalizados das devanditas solicitudes.

Así mesmo, tamén poderán presentarse nas demais formas que determina a lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

Os aspirantes quedan vencellados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

*5ª.—Dereitos de exame*

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas convocadas o aboamento dos dereitos de exame de conformidade co establecido na base terceira.

Para isto, os aspirantes deberán autoliquidar a taxa por dereitos de exame a través da sede electrónica do concello de Pontevedra (https://sede.pontevedra.gal/) e facela efectiva en calquera das entidades bancarias que se indican no documento de autoliquidación.

No xustificante de aboamento das taxas que se deberá achegar coa solicitude de participación no correspondente proceso selectivo deberase facer constar o nome e apelidos do aspirante así como a praza a que opta.

As cantidades a aboar en concepto de dereitos de exame, será de 16,71 euros.

Os dereitos de exame seranlles reintegrados á petición dos interesados, aos aspirantes que fosen excluídos definitivamente da listaxe de admitidos.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.



Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*6ª.—Relación de aspirantes admitidos e excluídos*

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e despois de comprobadas, o órgano competente ditará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal cualificador.

A resolución publicarase no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo), sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), concedéndose un prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais.

Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo correspondente, e fixará o lugar e a data de comezo das probas.

*7ª.—Tribunal cualificador*

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o Concelleiro responsable da Área de Persoal e Réxime Interior, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos e excluídos a cada proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non pudendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme a lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración é as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interpoñerse recurso ante a autoridade que nomee ao seu Presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*8ª.—Obriga dos aspirantes de concorrer ás probas*

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impedir acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto recollido no parágrafo seguinte.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou posparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes en que concorra a dita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese efectuar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ao resto das probas.

En calquera caso, daráselle por superado o proceso selectivo a aqueles aspirantes que obtivesen unha puntuación final que non puider ser acadada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.

As mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días do puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse co tempo suficiente e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas as conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo, calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. Á solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, o tribunal poderá determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

*9ª.—Comezo dos exercicios*

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse cada tribunal, así como o día, hora e lugar para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas anunciarase no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo), sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), xunto coa resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal, con 24 horas de antelación cando menos a tal realización, no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo), sen prexuízo da súa publicación complementaria na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

En todo caso, para os efectos do cómputo dos prazos previstos nas presentes bases reguladoras, considérase publicación oficial dos anuncios do tribunal cualificador do proceso selectivo aquela publicación realizada no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo).

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único; perderán o seu dereito os opositores que non comparezan cando se realice.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

*10ª.—Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas*

En calquera momento o tribunal poderá requirir os opositores para que acrediten a súa identidade.

A orde de actuación das/os opositoras/es iniciarase alfabeticamente pola/o primeira/o da letra «S», de conformidade co establecido na Resolución do 29 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 28, do 11 de febreiro) pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na Resolución do 13 de xaneiro de 2015 da Consellería de Facenda (DOG núm. 16, do 26 de xaneiro), ao tratarse dunha convocatoria correspondente á oferta de emprego público para o ano 2015.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propor ao órgano competente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente o tribunal fará pública a relación de aspirantes que o superasen, coa indicación da puntuación ou cualificación obtida no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo),sen prexuízo da súa publicación complementaria na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) do Concello de Pontevedra. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos, e polo tanto quedarán eliminados do proceso selectivo.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, agás que o tribunal acorde a realización dalgunha proba que o poida requirir de xeito oral, que se realizarán en sesión pública, así como os correspondentes ás probas físicas segundo determinación do tribunal cualificador.

Dende a total terminación dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 15 días hábiles.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

*11ª.—Probas da oposición e a súa orde de desenvolvemento*

1. As probas da oposición, obrigatorias e eliminatorias, son as seguintes, citadas polo orde en que deberán desenvolverse:

*a) Probas de avaliación dos coñecementos dos aspirantes sobre os contidos do temario anexo*

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario anexo as presentes bases.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización e o tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio

A proba será cualificada polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N = (A - F/3)/10$$

Sendo *N*= nota final da proba; *A*= preguntas acertadas; *F*= preguntas falladas ou non respondidas.

Rematada a proba de coñecementos, facúltase ao tribunal para establecer, por orde decrecente de puntuación, a porcentaxe de aspirantes que deben desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de ser necesario, cuxo número non será inferir en todo caso ao dobre das prazas convocadas

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*b) Coñecemento da lingua galega*

Estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoos ás probas que consideran máis adecuadas para tal comprobación. O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio.

Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Poren aqueles aspirantes que, consonte a base 4ª, acreditaran xunto coa solicitude para participar no proceso selectivo o nivel "celga 4" de coñecemento da lingua galega, daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

*c) Aptitude física, que incluirá a comprobación da estatura dos aspirantes. Irán dirixidas á comprobación das capacidades de forza, resistencia, axilidade, flexibilidade e velocidade dos aspirantes. Cualificaranse como apto/non apto*

— Comprobación da estatura.

Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes, quedando eliminados/as os/as que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

— Probas físicas.

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas de velocidade, de resistencia xeral e de natación, e alcanzar ou superar os mínimos das probas de potencia do tren superior e de potencia do tren inferior que se sinalan a continuación. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación, disponse dunha soa posibilidade de execución, no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba a executar, que serán determinados polo tribunal e sinalados no anuncio en que se convoque aos aspirantes para as correspondentes probas. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor, sistema que será determinado polo tribunal cualificador.

1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chaira de terreo compacto determinado polo tribunal.

O aspirante colocarase na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 7,40´´.

Mulleres: 8,20´´.

2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

2.1. Flexións de brazos.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes, determinado polo tribunal.

Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans núas, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas.

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo esixible é de 10 flexións.

2.2. Suspensión en barra.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes determinado polo tribunal.

O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, presa coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por enriba da barra e sen ter contacto con ela.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes determinado polo tribunal., con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

O aspirante colocarase de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pés ao chan Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

Homes: 210 cm.

Mulleres: 185 cm.

4. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto determinado polo tribunal.

O aspirante colocarase na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé.

Será eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas (en minutos e segundos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 3´30´´.

Mulleres: 4´10´´.

5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina determinada polo tribunal que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes.

O aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída.

Unha vez que se dea o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

Homes: 24´´.

Mulleres: 28´´.

*d) Probas psicotécnicas*

Estarán dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos aspirantes e a súa adecuación á función policial que se vai desempeñar comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado.

Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista. Consistirán na aplicación dunha proba de intelixencia que medirá a capacidade intelectual e psicomotriz do aspirante; e tamén na aplicación de probas de personalidade destinadas a medir os aspectos afectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade dos aspirantes.

A cualificación global será de apto/non apto.

1. Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

2. Probas de personalidade.

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos candidatos. Deste modo, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse,

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

*e) Recoñecemento médico*

Será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/non apto.

Para os efectos da exclusión do aspirante, terase en conta o seguinte:

1. Obesidade-delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

2. Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos aquí establecidos teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantiranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

*12ª.—Puntuación final dos aspirantes e publicación da relación de aprobados*

Rematadas as probas, o tribunal outorgará a cada aspirante a puntuación final obtida que, se corresponderá coa cualificación da proba de coñecementos referida ao temario. Aos aspirantes con puntuacións máis altas, en número igual ao de prazas convocadas por este sistema, adxudicaránselles as prazas ofertadas.

O tribunal proporá ao órgano convocante e fará pública a relación de aprobados, por orde decrecente de puntuación, cuxo número máximo deberá coincidir co de prazas convocadas. Terase en conta, para os efectos desta relación, o previsto no parágrafo segundo da base 8ª.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, en que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superen o proceso selectivo, non resulten aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos en que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, e sempre con anterioridade ao desenvolvemento do curso correspondente, o órgano competente, ao abeiro do disposto no artigo 61.8º da Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, deberá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadado.

Habida conta da infrarrepresentación do sexo feminino no corpo da policía local e en aplicación do artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm.32, do 17/02/2016), establecese que de existir empate entre dous ou mais candidatos, serán admitidas as mulleres, salvo si considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existisen motivos non discriminatorios para preferir ao home.

De persistir o empate irase ao exame tipo test dos opositore/as afectados e verase quen deles tivo en primeiro lugar unha resposta errónea. En último caso, se persiste o empate, este resolverase mediante sorteo cuxa realización se anunciará, para a posible presencia dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado, cunha antelación mínima de 48 horas, no taboleiro de anuncios do Concello sito na rúa Michelena 30 (baixo) e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

A relación de aprobados publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e, de forma complementaria, publicarase na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

*13ª.—Solicitude de prazas no curso selectivo*

O concello convocante comunicará sen demora á Academia Galega de Seguridade Pública a relación do alumnado que debe incorporarse ao curso selectivo, e solicitará a reserva das prazas correspondentes.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*14ª.—Nomeamento como persoal funcionario en prácticas*

Para o desenvolvemento do curso selectivo de formación, e o período de prácticas se é o caso, as persoas aprobadas que non procedan doutros corpos da Comunidade Autónoma de Galicia serán nomeadas funcionarias en prácticas, cos dereitos e deberes que legalmente lles correspondan segundo a súa situación e categoría.

*15ª Achega de documentos polos aspirantes propostos polo tribunal cualificador*

A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo), e, de forma complementaria,na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) conterá unha advertencia recordándolles aos opositores propostos que deberán presentar dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a devandita publicación da relación de aprobados, copia simple dos documentos acreditativos que se sinalan a continuación:

— Certificación de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente.

— Cartilla da seguridade social e número de conta bancaria.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos esixidos os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Quen non presentase a documentación esixida dentro do prazo fixado, agás causa de forza maior, non poderá ser nomeado funcionario en prácticas nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos. Neste caso procederase de conformidade co establecido na base 12ª.

Se dentro do prazo indicado os aspirantes propostos non presentasen a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer por falsidade.

*16ª.—Curso selectivo e obriga da súa superación*

A superación do curso selectivo resulta obrigatoria para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría correspondente. Só estarán dispensadas de realizar o dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública e os funcionarios que accedesen por mobilidade desde a mesma categoría desde outros corpos de policía local.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, agás por causas excepcionais, considerarase que o aspirante non superou o proceso selectivo.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na academia, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos acadados no proceso selectivo.

*17ª.—Período de prácticas para a categoría de policía*

Para aqueles que ingresen por primeira vez na categoría de policía, o curso selectivo comprenderá tamén un período de prácticas que se desenvolverá no posto de traballo, e que conforma xunto co curso teórico un contínuum na formación e capacitación profesional.

Este período de prácticas terá unha duración de tres meses continuados e realizarase ao remate do curso teórico, agás que a incompatibilidade de datas aconselle repartilo en dúas etapas. En todo caso, será necesario ter realizado dous meses de curso teórico para poder executar a primeira etapa de prácticas.

Durante o período de prácticas o alumnado desenvolverá o seu traballo profesional do xeito que lles permita unha mellor realización práctica dos coñecementos do curso teórico, sempre baixo a supervisión do xefe do corpo de policía local, ou profesional cualificado en que este delegue. Neste período procurarase que o alumnado cumpra cos distintos labores encomendados aos corpos de policía local.

Neste período de prácticas, o alumnado non poderá desfrutar vacacións ou permisos, salvo os que lles correspondan polas libranzas do servizo que estean desenvolvendo. Os días de vacacións que corresponden tanto ao curso teórico como ao período de prácticas, desfrutaranse ao remate de ambos os dous, aínda no caso, de que este feito se producise no seguinte ano do comezo do curso.

*18ª.—Avaliación do período de prácticas e informe do concello*

Para obter a condición de funcionario de carreira na escala e categoría correspondente é obrigado superar o período de prácticas.

A Academia Galega de Seguridade Pública facilitará os instrumentos de valoración obxectiva do traballo e das actitudes e aptitudes amosadas polo alumnado no período de prácticas, que incluirán, como mínimo, os seguintes parámetros: actitude persoal, disciplina, relacións co cidadán, cantidade e calidade do traballo, compañeirismo, motivación e superación persoal. A dita academia exercerá unha titoría conxuntamente coas autoridades locais e a xefatura do corpo de policía local.

Ao remate do período de prácticas, valéndose dese instrumento ou cuestionario de avaliación obxectiva facilitado pola academia, o xefe de policía elaborará un informe individual por cada alumno, de tal maneira que reflicta se superou ou non o dito período. Este informe deberá

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

presentarse xunto co escrito, ao que lle serve de base, asinado polo alcalde ou concelleiro competente, mediante o que o concello dá conta á academia do resultado da avaliación das prácticas.

De conformidade co previsto no parágrafo 2 do artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, os aspirantes, en calquera momento anterior a seren nomeados/as funcionarios/as de carreira, poderán ser sometidos/as ás probas médicas que sexan precisas para comprobar a súa idoneidade. No desenvolvemento a que se refire a disposición adicional, respecto ao cadro médico para a superación das probas da oposición, non poderá derivar ningún prexuízo por circunstancias médicas derivadas da situación de embarazo ou lactación da muller aspirante.

*19ª.—Informe da Academia Galega de Seguridade Pública e toma de posesión*

Unha vez superado o curso selectivo de que se trate e o período de prácticas, a academia emitirá informe ao concello correspondente certificando tal circunstancia, de xeito que se poida proceder ao nomeamento como persoal funcionario de carreira e á toma de posesión na praza ou posto concreto.

*20ª.—Nomeamento dos funcionarios e toma de posesión*

Os nomeamentos dos funcionarios de carreira efectuaranse polo órgano competente unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

Os nomeamentos efectuados publicaranse no Diario Oficial de Galicia sen prexuízo da súa toma de posesión unha vez practicada a notificación persoal do nomeamento.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de un mes, contado desde o día seguinte á notificación do nomeamento; previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril. De non tomar posesión no prazo indicado os nomeados quedarán na situación de cesantes, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

Por dilixencia, farase constar na toma de posesión a manifestación do interesado de non vir desenvolvendo ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como de non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro e orfandade por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público e obrigatorio. De estar a desenvolver unha actividade incompatible coa nova, terá que optar por unha delas dentro do prazo de toma de posesión.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*21ª.—Carácter vinculante das bases*

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

*22ª.—Incidencias*

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

*23ª.—Réxime xurídico*

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais; Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007; a Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada;a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm.32, do 17/02/2016); Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, e demais disposicións.

*24ª.—Disposición final*

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

públicas e do procedemento administrativo común, a Lexislación reguladora das bases do réxime local, así como na Lexislación reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo corresponda.

Así mesmo a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*ANEXO: TEMARIO ACCESO A CATEGORÍA DE POLICÍA*

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: Dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguranza. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: Dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguranza. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e a liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguranza. Dereito de petición.

4. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

5. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

6. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

7. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.

8. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

9. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

11. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

12. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

13. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.

14. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

15. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

16. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

17. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Funcións da policía local.

18. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

19. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

20. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

21. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

22. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

23. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

24. Delitos contra a Administración pública. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.

25. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

26. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

27. O atestado policial na Lei de axuizamento criminal. Concepto e estrutura.

28. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais en que pode incorrer o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.

29. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

30. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

31. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

32. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

33. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

34. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

35. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

36. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e compañeiros. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

37. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

38. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

39. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.

## TRES PRAZAS DA CATEGORÍA DE OFICIAL

*1ª.—Número de prazas e características*

Convócanse tres (3) prazas da categoría de oficial, integradas no grupo "C", subgrupo C1, da escala básica de administración especial, subescala de servizos especiais, do Corpo da Policía Local do Excmo. Concello de Pontevedra, dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e coas complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

Figuran incluídas dentro do réxime de dedicación exclusiva.

*2ª.—Sistema de acceso*

Establécese o sistema de concurso-oposición mediante o procedemento de promoción interna para a provisión de duas prazas e o sistema de concurso de méritos para a quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da Comunidade Autónoma de Galicia para a praza restante.

*3ª.—Requisitos para o acceso*

1. Para poder tomar parte no proceso selectivo pola quenda de promoción interna, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

a) Ser funcionario de carreira do corpo da policía local do Concello de Pontevedra cun mínimo de tres anos continuados de servizo activo na categoría inmediata inferior (policía), computándose tamén neste caso o tempo de segunda actividade por causa de embarazo e lactación. Este requisito será comprobado pola administración municipal de oficio.

b) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso á categoría de oficial (grupo C, subgrupo C1), consonte a normativa de función pública e, en todo caso, de acordo coa lexislación vixente reguladora da coordinación de policías locais de Galicia. Para a acreditación de tal requisito deberase achegar polo aspirante copia do título oficial e, no seu defecto, copia do xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse copia da certificación do Ministerio de educación, cultura y deporte en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).

c) Non ter sido sancionado por falta grave ou moi grave, ou telas canceladas. Este requisito será comprobado pola administración municipal de oficio.

d) Faltarlle máis dun ano para o pase á situación de segunda actividade por razón de idade. Este requisito será comprobado pola administración municipal de oficio.

e) Presentación do xustificante de aboamento dos dereitos de exame.

f) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada.

2. Para poder tomar parte no proceso selectivo pola quenda de mobilidade horizontal, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Posuír unha antigüidade mínima de cinco anos na categoría de oficial, requisito que se acreditará mediante certificación expedida pola entidade ou entidades nas que o aspirante prestara os seus servizos. Ademais deberanlles faltar oito anos como mínimo para o pase previsto á situación de segunda actividade.

b) Non ter sido sancionado por falta grave ou moi grave, ou telas canceladas.

c) Presentación do xustificante de aboamento dos dereitos de exame.

d) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada.

3. Todos estes requisitos deberán acreditalos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*4ª.—Presentación de solicitudes e documentación para a fase de concurso*

As instancias dirixiranse ao Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pontevedra, e presentaranse no Rexistro Xeral no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. A instancia conterá, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegando unha copia do DNI, xustificación do pagamento dos dereitos de exame e demais requisitos esixidos na base anterior. Xunto coa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, os aspirantes deberán achegar copia da documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo.

Ademáis na solicitude deberase elixir a língua (galego ou castelán) en que queren que se lles plantexen os exercicios. Se non se sinala nada entenderase que a lingua elixida é a galega. Por motivos de operatividade, unha vez escollido un idioma non se permite a sua modificación.

Para a xustificación dos méritos o aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar no devandito prazo copia da correspondente solicitude, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso, non procederá a súa valoración senón fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.

O tribunal poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados e sen xustificación nos termos establecidos nos dous parágrafos anteriores.

Poderanse facilitar modelos normalizados das devanditas solicitudes.

Así mesmo, tamén poderán presentarse nas demais formas que determina a lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Os aspirantes quedan vencellados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

*5ª.—Dereitos de exame*

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas convocadas o aboamento dos dereitos de exame de conformidade co establecido na base terceira.

Para isto, os aspirantes deberán autoliquidar a taxa por dereitos de exame a través da sede electrónica do concello de Pontevedra (https://sede.pontevedra.gal/) e facela efectiva en calquera das entidades bancarias que se indican no documento de autoliquidación.

No xustificante de aboamento, que se deberá achegar á solicitude de participación no correspondente proceso selectivo, deberase facer constar o nome e apelidos do aspirante así como a praza a que opta.

As cantidades a aboar en concepto de dereitos de exame, será de 16,71 euros.

Os dereitos de exame seranlles reintegrados á petición dos interesados, aos aspirantes que fosen excluídos definitivamente da listaxe de admitidos.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

*6ª.—Relación de aspirantes admitidos e excluídos*

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e despois de comprobadas, o órgano competente ditará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal cualificador.

A resolución publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) concedéndose un prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais.

Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo correspondente, e fixará o lugar e a data de comezo das probas.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*7ª.—Tribunal cualificador*

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o Concelleiro responsable da Área de Persoal e Réxime Interior, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos e excluídos a cada proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non pudendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme a lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración é as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interpoñerse recurso ante a autoridade que nomee ao seu Presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

*8ª.—Obriga dos aspirantes de concorrer ás probas*

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impedir acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto recollido no parágrafo seguinte.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou posparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes en que concorra a dita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese efectuar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ao resto das probas.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

En calquera caso, daráselle por superado o proceso selectivo a aqueles aspirantes que obtivesen unha puntuación final que non puider ser acadada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.

As mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días do puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse co tempo suficiente e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas as conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo, calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. Á solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, o tribunal poderá determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

*9ª.—Comezo dos exercicios*

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse cada tribunal, así como o día, hora e lugar para a cualificación dos méritos alegados, anterior a fase de oposición para o caso da quenda de promoción interna, anunciarase no BOP e no taboleiro de anuncios da corporación xunto coa resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos e, de forma complementaria, publicarase na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal no taboleiro de anuncios da corporación con 24 horas de antelación cando menos a tal realización e, de forma complementaria, publicarase na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único; perderán o seu dereito os opositores que non comparezan cando se realice.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Comezarase pola fase de concurso. O tribunal deberá reunirse antes do primeiro exercicio da oposición para proceder á valoración e cualificación dos méritos achegados e xustificados polo aspirante. A cualificación da fase de concurso deberá publicarse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello antes do inicio do primeiro exercicio da fase de oposición e, de forma complementaria, publicarase na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

*10ª.—Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas*

En calquera momento o tribunal poderá requirir os opositores para que acrediten a súa identidade.

A orde de actuación das/os opositoras/es iniciarase alfabeticamente pola/o primeira/o da letra «S», de conformidade co establecido na Resolución do 29 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 28, do 11 de febreiro) pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na Resolución do 13 de xaneiro de 2015 da Consellería de Facenda (DOG núm. 16, do 26 de xaneiro), ao tratarse dunha convocatoria correspondente á oferta de emprego público para o ano 2015.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propor ao órgano competente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello, a relación de aspirantes que o superasen coa indicación da puntuación ou cualificación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos, e polo tanto quedarán eliminados do proceso selectivo.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, agás que o tribunal acorde a realización dalgunha proba que o poida requirir de xeito oral, que se realizarán en sesión pública.

Dende a total terminación dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 15 días hábiles.

En todo caso, para os efectos do cómputo dos prazos previstos nas presentes bases reguladoras, considérase publicación oficial dos anuncios do tribunal cualificador do proceso selectivo aquela publicación realizada no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo).

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

*11ª.—Fase de concurso*

O procedemento de concurso consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificados, se é o caso, polos aspirantes, de acordo co baremo que se determina a continuación:

*A.1. Titulacións académicas*

As titulacións que se baremarán serán as seguintes:

— Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
— Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
— Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
— Bacharel, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Puntuación máxima da epígrafe A.1: 4,00 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, agás que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse polo aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

*A.2. Antigüidade*

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

— Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
— Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguranza: 0,10 puntos.
— Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

Puntuación máxima do apartado A.2.: 4,00 puntos.

Non se computarán a efectos de valorar a antigüidade nesta fase de concurso os tres anos de antigüidade que se exisen como requisito de acceso para participar neste sistema de promoción interna.

*A.3. Formación e docencia*

A.3.1. Formación profesional continua:

A.3.1.1. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

— Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.
— Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
— Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
— Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

A.3.1.2. Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

— Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
— Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
— Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
— Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
— Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 punto.
— Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguranza; os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe A.1 anterior, nin a superación de materias destes.

A.3.2. Docencia:

A.3.2.1. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguranza, valoraranse por hora impartida a razón de:

— Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
— Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

A.3.2.2. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, desenvoltas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

— Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
— Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos desta epígrafe A.3. deberán acreditarse dentro do prazo establecido nas presentes bases, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

Puntuación máxima do apartado A.3.: 8,00 puntos.

*A.4. Distincións e recompensas oficiais*

— Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
— Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.
— Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.
— Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
— Distinción do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

Puntuación máxima da epígrafe A.4.: 2,00 puntos.



Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*A.5. Idiomas*

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos.

— Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 punto.
— Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

b) Niveis.

— Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
— Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
— Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

Puntuación máxima do apartado A.5.: 4,00 puntos.

*A.6. Lingua galega*

— Celga 1: 0,25.
— Celga 2: 0,50.
— Celga 3: 0,75.
— Celga 4: 1,00.
— Curso de iniciación: 0,75.
— Curso de perfeccionamento: 1,00.
— Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 1,50.
— Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,00.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

Puntuación máxima do apartado A.6.: 2,00 puntos.

A puntuación de cada aspirante na fase de concurso será a suma das puntuacións obtidas en cada apartado, tendo en conta o límite establecido en cada un deles e ponderada do xeito establecido na base 13 para o caso da quenda de promoción interna. Para a quenda de mobilidade a puntuación final de cada aspirante consitirá na suma das cualificacións dos méritos totais, sen limitación.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*12ª.—Fase de oposición para a quenda de promoción interna*

A fase de oposición será posterior á de concurso consistira en dous exercicios obrigatorios:

PRIMEIRO EXERCICIO OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.—Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 120 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, sobre o total dos contidos do temario anexo, que serán propostas polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio. Neste exercicio os aspirantes deberán amosar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización e o tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio.

Esta proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N= (A-F/3)/12.$$

Sendo *N*= nota final da proba; *A*= preguntas acertadas; *F*= preguntas falladas ou non respostadas.

SEGUNDO EXERCICIO OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.—Consistira na resolución dun caso práctico relacionado co temario anexo, que os aspirantes terán que desenvolver no tempo máximo dunha hora. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal en sesión pública. Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Esta proba cualificarase de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado.

A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións de ambas as probas que se deberá ponderar segundo se establece na base seguinte.

*13ª.—Puntuación final dos aspirantes e publicación da relación de aprobados*

1.—Quenda de mobilidade:

A puntuación final de cada aspirante consitirá na suma das cualificacións dos méritos totais, sen limitación. Aos aspirantes con puntuacións mais altas, en número igual ao de prazas convocadas por este sistema, adxudicaráselles as prazas ofertadas.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

2.—Quenda de promoción interna:

Tendo en conta que a fase de concurso lle corresponde unha porcentaxe máxima do 40% da puntuación máxima total, incluída a oposición, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia o máximo de puntos que os aspirantes poderían acadar (24 puntos), ao cal se lle outorgarán os catro puntos. Proporcionalmente se lle asignara a puntuación da fase de concurso a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

Do mesmo xeito que para a fase de concurso, para a fase de oposición deberase ponderar a puntuación obtida da media aritmética das cualificacións de ambas probas en relación co 60% da nota final. Tomarase por tanto como referencia o máximo de puntos que os aspirantes poderían acadar na oposición, que sería un dez, ao cal se lle outorgarán os seis puntos. Proporcionalmente se lle asignará a puntuación da fase de oposición a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

Para determinar a cualificación final do concurso oposición sumarase a obtida segundo os parágrafos anteriores para a fase de concurso e a fase de oposición. O tribunal proporá ao órgano convocante e fará pública a relación de aprobados, por orde decrecente de puntuación, cuxo número máximo deberá coincidir co de prazas convocadas. Terase en conta, para os efectos desta relación, o previsto no parágrafo segundo da base 8ª.

O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, en que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superen o proceso selectivo, non resulten aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos en que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, e sempre con anterioridade ao desenvolvemento do curso correspondente, o órgano competente, ao abeiro do disposto no artigo 61.8º da Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, deberá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadado.

Habida conta da infrarrepresentación do sexo feminino no corpo da policía local e en aplicación do artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm.32, do 17/02/2016), establecese que de existir empate entre dous

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

ou mais candidatos, serán admitidas as mulleres, salvo si considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existisen motivos non discriminatorios para preferir ao home.

De persistir o empate irase ao exame tipo test dos opositore/as afectados e verase quen deles tivo en primeiro lugar unha resposta errónea. En último caso, se persiste o empate, este resolverase mediante sorteo cuxa realización se anunciará, para a posible presencia dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado, cunha antelación mínima de 48 horas, no taboleiro de anuncios do Concello sito na rúa Michelena 30 (baixo) e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

A relación de aprobados publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e, de forma complementaria, publicarase na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede. pontevedra.gal)

*14ª.—Achega de documentos polos aspirantes propostos polo tribunal cualificador*

A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo), e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), conterá unha advertencia recordándolles aos apirantes propostos pola quenda de mobilidade que deberán presentar dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a devandita publicación da relación de aprobados, copia simple da seguinte documentación:

— Certificación de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente.
— Cartilla da seguridade social e número de conta bancaria.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos esixidos os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Quen non presentase a documentación esixida dentro do prazo fixado, agás causa de forza maior, non poderá ser nomeado funcionario en prácticas nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos. Neste caso procederase de conformidade co establecido na base 13.

Se dentro do prazo indicado os aspirantes propostos non presentasen a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer por falsidade.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*15ª.—Solicitude de prazas no curso selectivo*

O concello convocante comunicará sen demora á Academia Galega de Seguridade Pública a relación do alumnado que debe incorporarse ao curso selectivo, e solicitará a reserva das prazas correspondentes.

*16ª.—Nomeamento como persoal funcionario en prácticas*

Para o desenvolvemento do curso selectivo de formación, as persoas aprobadas serán nomeadas funcionarias en prácticas, cos dereitos e deberes que legalmente lles correspondan segundo a súa situación e categoría.

Se do exame da documentación se deducise que os aspirantes carecen dalgún dos requisitos esixidos non poderán ser nomeados funcionarios en prácticas. Neste caso procederase de conformidade co establecido na base 13ª.

Se dentro do prazo indicado os aspirantes propostos non presentasen a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer por falsidade.

*17ª.—Curso selectivo de capacitación para a nova categoría e obriga da súa superación*

A superación do curso selectivo resulta obrigatoria para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría correspondente (oficial). Só estarán dispensadas de realizar o dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, agás por causas excepcionais, considerarase que o aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na academia, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos acadados no proceso selectivo.

*18ª.—Informe da Academia Galega de Seguridade Pública e toma de posesión*

Unha vez superado o curso selectivo a academia emitirá informe ao concello correspondente certificando tal circunstancia, de xeito que se poida proceder ao nomeamento como persoal funcionario de carreira e á toma de posesión na praza ou posto concreto.

*19ª.—Nomeamento dos funcionarios e toma de posesión*

Os nomeamentos dos funcionarios de carreira efectuaranse polo órgano competente unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Os nomeamentos efectuados publicaranse no Diario Oficial de Galicia sen prexuízo da súa toma de posesión unha vez practicada a notificación persoal do nomeamento.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de dez días, contados desde o día seguinte á notificación do nomeamento; previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril. De non tomar posesión no prazo indicado os nomeados quedarán na situación de cesantes, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

*20ª.—Carácter vinculante das bases*

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

*21ª.—Incidencias*

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

*22ª.—Réxime xurídico*

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais; Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007; a Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm.32, do 17/02/2016); Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

ó servizo da Administración autonómica de Galicia, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, e demais disposicións.

*23ª.—Elaboración dunhas listas de substitucións por oposición-promoción interna coa categoría de oficial para habilitacións de funcións de superior categoría*

Sen prexuízo da lista de reserva á que se refire a base 13ª (puntuación final dos aspirantes e publicación da relación de aprobados), os opositores que superen todas ou algunha das probas deste proceso selectivo, incluiranse, de oficio, nunha lista única de substitucións por oposición-promoción interna para habilitacións dos seus integrantes para o desenvolvemento de funcións de superior categoría propias dos postos de traballo de oficial que se atopen circunstancialmente vacantes na policía local, nos casos de urxente ou inaprazable necesidade ou aqueles outros casos accidentais que o demandaran xustificadamente por non estar desempeñados efectivamente polos seus titulares. Esta habilitación por substitución trata de suplir as necesidades de Servizo da Policía local motivadas pola situación de vacante dos postos de traballo durante o tempo en que a persoa titular non preste os seus servizos por estar en situación de incapacidade temporal, por período de vacacións ou por calquera outra circunstancia que motive a dita necesidade circunstancial de substitución.

*24ª.—Disposición final*

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Lexislación reguladora das bases do réxime local, así como na Lexislación reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo corresponda.

Así mesmo a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*ANEXO: TEMARIO ACCESO A CATEGORÍA DE OFICIAL*

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguranza. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

3. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución. Dereitos fundamentais e liberdades II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguranza.

4. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e á liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguranza. Dereito de petición.

5. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías de dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

6. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

7. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

8. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. Mención ao Tribunal Superior de Xustiza.

9. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

10. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

11. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

12. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

13. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

14. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias.

15. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.

16. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

17. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

18. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

19. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Funcións da policía local.

20. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

21. A actividade da policía local como policía administrativa I. Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

22. A actividade da policía local como policía administrativa II. Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

23. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

24. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal.

25. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

26. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

27. Delitos contra a Administración pública.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

28. Atentados contra a autoridade e as súas axentes. Desordes públicas.

29. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas.

30. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

31. Delitos contra a saúde pública. Tráfico de drogas.

32. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

33. As penas. Concepto, clases: privativas de liberdade, privativas de dereito e multa. Clasificación pola súa gravidade: graves, menos graves e leves.

34. O atestado policial na Lei de axuizamento criminal. Concepto e estrutura.

35. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais nas que pode incorrer o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.

36. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estruturas e conceptos xerais.

37. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.

38. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia.

39. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

40. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

41. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local.

42. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Doutrina constitucional. Procedemento de averiguación do grao de impregnación alcohólica.

43. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

44. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

45. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e subordinados. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

46. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

47. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

48. O mando: concepto, estilos, calidades, trazos, regras e características do mando; relación con subordinados; técnicas de dirección e reunións.

49. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

50. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo á cidadanía. Colaboración con outros servizos municipais."

## DÚAS PRAZAS DA CATEGORÍA DE INSPECTOR

*1ª.—Número de prazas e características*

Convócase duas (2) prazas da categoría de inspector, integrada no grupo "A", subgrupo "A2", da escala executiva de administración especial, subescala de servizos especiais, do Corpo da Policía Local do Excmo. Concello de Pontevedra, dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e coas complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

Figura incluída dentro do réxime de dedicación exclusiva.

*2ª.—Sistema de acceso*

Establécese o sistema de concurso-oposición mediante o procedemento de promoción interna para a súa provisión.

*3ª.—Requisitos para o acceso*

1. Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

a) Ser funcionario de carreira do corpo da policía local do Concello de Pontevedra cun mínimo de tres anos continuados de servizo activo na categoría inmediata inferior (oficial), computándose tamén neste caso o tempo de segunda actividade por causa de embarazo e lactación. Este requisito será comprobado pola administración municipal de oficio.

b) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso á categoría de inspector (grupo A, subgrupo A2), consonte a normativa de función pública e, en todo caso, de acordo coa lexislación vixente reguladora da coordinación de policías locais de Galicia. Para a acreditación de tal requisito deberase achegar polo aspirante copia do título oficial, e, no seu defecto, copia do xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse copia da certificación do Ministerio de educacion, cultura y deporte en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).

c) Non ter sido sancionado por falta grave ou moi grave, ou telas canceladas.

d) Presentación do xustificante de aboamento dos dereitos de exame.

e) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada.

2. Todos estes requisitos deberán acreditalos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

*4ª.—Presentación de solicitudes e documentación para a fase de concurso*

As instancias dirixiranse ao Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pontevedra, e presentaranse no Rexistro Xeral no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. A instancia conterá, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegando unha copia do DNI, xustificación do pagamento dos dereitos de exame e demais requisitos esixidos na base anterior. Xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, os aspirantes deberán achegar copia da documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo.

Ademáis na solicitude deberase elixir a língua (galego ou castelán) en que queren que se lles plantexen os exercicios. Se non se sinala nada entenderase que a lingua elixida é a galega. Por motivos de operatividade, unha vez escollido un idioma non se permite a sua modificación.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Para a xustificación dos méritos o aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar no devandito prazo copia da correspondente solicitude, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso, non procederá a súa valoración se non fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.

O tribunal poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados e sen xustificación nos termos establecidos nos dous parágrafos anteriores.

Poderanse facilitar modelos normalizados das devanditas solicitudes.

Así mesmo, tamén poderán presentarse nas demais formas que determina a lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

Os aspirantes quedan vencellados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

*5ª.—Dereitos de exame*

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas convocadas o aboamento dos dereitos de exame de conformidade co establecido na base terceira.

Para isto, os aspirantes deberán autoliquidar a taxa por a través da sede electrónica do concello de Pontevedra (https://sede.pontevedra.gal/) e facela efectiva en calquera das entidades bancarias que se indican no documento de autoliquidación.

No xustificante de aboamento, que se deberá achegar á solicitude de participación no correspondente proceso selectivo, deberase facer constar o nome e apelidos do aspirante así como a praza a que opta.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

As cantidades a aboar en concepto de dereitos de exame, será de 33,40 euros.

Os dereitos de exame seranlles reintegrados á petición dos interesados, aos aspirantes que fosen excluídos definitivamente da listaxe de admitidos.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

*6ª.—Relación de aspirantes admitidos e excluídos*

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e despois de comprobadas, o órgano competente ditará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal cualificador.

A resolución publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), concedéndose un prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais.

Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo correspondente, e fixará o lugar e a data de comezo das probas.

*7ª.—Tribunal cualificador*

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o concelleiro competente, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos e excluídos a cada proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non pudendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual e

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme a lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración é as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan expoñerse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interpoñerse recurso ante a autoridade que nomee ao seu Presidente.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

*8ª.—Obriga dos aspirantes de concorrer ás probas*

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impedir acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto recollido no parágrafo seguinte.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou posparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes en que concorra a dita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese efectuar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ao resto das probas.

En calquera caso, daráselle por superado o proceso selectivo a aqueles aspirantes que obtivesen unha puntuación final que non puider ser acadada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.

As mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días do puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse co tempo suficiente e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas as conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo, calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. Á solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, o tribunal poderá determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*9ª.—Comezo dos exercicios*

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse cada tribunal, así como o día, hora e lugar para a cualificación dos méritos alegados, anterior a fase de oposición anunciarase no BOP e no taboleiro de anuncios da corporación xunto coa resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal no taboleiro de anuncios da corporación con 24 horas de antelación cando menos a tal realización.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único; perderán o seu dereito os opositores que non comparezan cando se realice.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Comezarase pola fase de concurso. O tribunal deberá reunirse antes do primeiro exercicio da oposición para proceder á valoración e cualificación dos méritos achegados e xustificados polo aspirante. A cualificación da fase de concurso deberá publicarse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello antes do inicio do primeiro exercicio da fase de oposición e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

*10ª.—Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas*

En calquera momento o tribunal poderá requirir os opositores para que acrediten a súa identidade.

A orde de actuación das/os opositoras/es iniciarase alfabeticamente pola/o primeira/o da letra «S», de conformidade co establecido na Resolución do 29 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 28, do 11 de febreiro) pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na Resolución do 13 de xaneiro de 2015 da Consellería de Facenda (DOG núm. 16, do 26 de xaneiro), ao tratarse dunha convocatoria correspondente á oferta de emprego público para o ano 2015.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propor ao órgano competente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello, a relación de aspirantes que o superasen coa indicación da puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos, e polo tanto quedarán eliminados do proceso selectivo.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, agás a lectura polos opositores dos exercicios escritos, cando así estea establecido nas presentes bases ou, chegado o caso, cando o acorde o tribunal, que se realizarán en sesión pública. Neste caso, o aspirante que non acuda á lectura pública será declarado non apto e polo tanto eliminado do proceso selectivo.

Dende a total terminación dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 15 días hábiles.

En todo caso, para os efectos do cómputo dos prazos previstos nas presentes bases reguladoras, considérase publicación oficial dos anuncios do tribunal cualificador do proceso selectivo aquela publicación realizada no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo).

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

*11ª.—Fase de concurso*

O procedemento de concurso consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificados, se é o caso, polos aspirantes, de acordo co baremo que se determina a continuación:

*A.1. Titulacións académicas*

As titulacións que se baremarán serán as seguintes:

— Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
— Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
— -Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
— Bacharel, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Puntuación máxima da epígrafe A.1: 4,00 puntos.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, agás que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse polo aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

*A.2. Antigüidade*

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

— Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
— Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguranza: 0,10 puntos.
— Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

Puntuación máxima do apartado A.2.: 4,00 puntos.

Non se computarán a efectos de valorar a antigüidade nesta fase de concurso os tres anos de antigüidade que se exisen como requisito de acceso para participar neste sistema de promoción interna.

*A.3. Formación e docencia*

A.3.1. Formación profesional continua:

A.3.1.1. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

— Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

— Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
— Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
— Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

A.3.1.2. Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

— Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
— Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
— Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
— Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
— Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 punto.
— Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguranza; os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe A.1 anterior, nin a superación de materias destes.

A.3.2. Docencia:

A.3.2.1. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguranza, valoraranse por hora impartida a razón de:

Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.

Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

A.3.2.2. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, desenvoltas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

— Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
— Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos desta epígrafe A.3. deberán acreditarse dentro do prazo establecido nas presentes bases, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

Puntuación máxima do apartado A.3.: 8,00 puntos.

*A.4. Distincións e recompensas oficiais*

— Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
— Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.
— Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.
— Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
— Distinción do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

Puntuación máxima da epígrafe A.4.: 2,00 puntos.

*A.5. Idiomas*

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

*a) Ciclos*

— Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 punto.
— Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

*b) Niveis*

— Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
— Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
— Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

Puntuación máxima do apartado A.5.: 4,00 puntos.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*A.6. Lingua galega*

— Celga 1: 0,25.
— Celga 2: 0,50.
— Celga 3: 0,75.
— Celga 4: 1,00.
— Curso de iniciación: 0,75.
— Curso de perfeccionamento: 1,00.
— Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 1,50.
— Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,00.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

Puntuación máxima do apartado A.6.: 2,00 puntos.

A puntuación de cada aspirante na fase de concurso será a suma das puntuacións obtidas en cada apartado, tendo en conta o límite establecido en cada un deles e ponderada do xeito establecido na base 13.

*12ª.—Fase de oposición*

As probas da oposición, obrigatorias e eliminatorias, son as seguintes, citadas polo orde en que deberán desenvolverse:

PRIMEIRO EXERCICIO OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.—Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 120 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, sobre o total dos contidos do temario anexo, que serán propostas polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio. Neste exercicio os aspirantes deberán amosar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización e o tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio

Esta proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N= (A-F/3)/12$$

Sendo *N*= nota final da proba; *A*= preguntas acertadas; *F*= preguntas falladas ou non respostadas.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

SEGUNDO EXERCICIO OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.—Consistira na resolución dun caso práctico relacionado co temario anexo, que os aspirantes terán que desenvolver no tempo máximo dunha hora. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal en sesión pública. Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Esta proba cualificarase de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado.

A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións do primeiro e segundo exercicio. A puntuación obtida por cada aspirante deberase ponderar segundo se establece na base seguinte.

*13ª.—Puntuación final dos aspirantes e publicación da relación de aprobados*

Tendo en conta que a fase de concurso lle corresponde unha porcentaxe máxima do 40% da puntuación máxima total, incluída a oposición, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia o máximo de puntos que os aspirantes poderían acadar (24 puntos), ao cal se lle outorgarán os catro puntos. Proporcionalmente se lle asignara a puntuación da fase de concurso a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

Do mesmo xeito que para a fase de concurso, para a fase de oposición deberase ponderar a puntuación obtida por cada aspirante calculada como se indica na base anterior en relación co 60% da nota final. Tomarase por tanto como referencia o máximo de puntos que os aspirantes poderían acadar na oposición, que sería un dez, ao cal se lle outorgarán os seis puntos. Proporcionalmente se lle asignará a puntuación da fase de oposición a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

Para determinar a cualificación final do concurso-oposición sumarase a obtida segundo os parágrafos anteriores para a fase de concurso e a fase de oposición. O tribunal proporá ao órgano convocante e fará pública a relación de aprobados, por orde decrecente de puntuación, cuxo número máximo deberá coincidir co de prazas convocadas. Terase en conta, para os efectos desta relación, o previsto no parágrafo segundo da base 8ª.

O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, en que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superen o proceso selectivo, non resulten aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos en que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, e sempre con anterioridade ao desenvolvemento do curso correspondente, o órgano competente, ao abeiro do disposto no artigo 61.8º do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, deberá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadado.

Habida conta da infrarrepresentación do sexo feminino no corpo da policía local e en aplicación do artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm.32, do 17/02/2016), establecese que de existir empate entre dous ou mais candidatos, serán admitidas as mulleres, salvo si considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existisen motivos non discriminatorios para preferir ao home.

De persistir o empate irase ao exame tipo test dos opositore/as afectados e verase quen deles tivo en primeiro lugar unha resposta errónea. En último caso, se persiste o empate, este resolverase mediante sorteo cuxa realización se anunciará, para a posible presencia dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado, cunha antelación mínima de 48 horas, no taboleiro de anuncios do Concello sito na rúa Michelena 30 (baixo) e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

A relación de aprobados publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e, de forma complementaria, publicarase na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede. pontevedra.gal).

*14ª.—Solicitude de prazas no curso selectivo*

O concello convocante comunicará sen demora á Academia Galega de Seguridade Pública a relación do alumnado que debe incorporarse ao curso selectivo, e solicitará a reserva das prazas correspondentes.

*15ª.—Nomeamento como persoal funcionario en prácticas*

Para o desenvolvemento do curso selectivo de formación, as persoas aprobadas serán nomeadas funcionarias en prácticas, cos dereitos e deberes que legalmente lles correspondan segundo a súa situación e categoría.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*16ª.—Curso selectivo de capacitación para a nova categoría e obriga da súa superación*

A superación do curso selectivo resulta obrigatoria para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría correspondente (inspector). Só estarán dispensadas de realizar o dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, agás por causas excepcionais, considerarase que o aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na academia, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos acadados no proceso selectivo.

*17ª.—Informe da Academia Galega de Seguridade Pública e toma de posesión*

Unha vez superado o curso selectivo a academia emitirá informe ao concello correspondente certificando tal circunstancia, de xeito que se poida proceder ao nomeamento como persoal funcionario de carreira e á toma de posesión na praza ou posto concreto.

*18ª.—Nomeamento dos funcionarios e toma de posesión*

Os nomeamentos dos funcionarios de carreira efectuaranse polo órgano competente unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

Os nomeamentos efectuados publicaranse no Diario Oficial de Galicia sen prexuízo da súa toma de posesión unha vez practicada a notificación persoal do nomeamento.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de dez días, contados desde o día seguinte á notificación do nomeamento; previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril. De non tomar posesión no prazo indicado os nomeados quedarán na situación de cesantes, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

*19ª.—Carácter vinculante das bases*

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

*20ª.—Incidencias*

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*21ª.—Réxime xurídico*

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais; Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007; a Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm.32, do 17/02/2016); Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, e demais disposicións.

*22ª.—Elaboración dunhas listas de substitucións por oposición-promoción interna coa categoría de inspector para habilitacións de funcións de superior categoría*

Sen prexuízo da lista de reserva á que se refire a base 13ª (puntuación final dos aspirantes e publicación da relación de aprobados), os opositores que superen todas ou algunha das probas deste proceso selectivo, incluiranse, de oficio, nunha lista única de substitucións por oposición-promoción interna para habilitacións dos seus integrantes para o desenvolvemento de funcións de superior categoría propias dos postos de traballo de inspector que se atopen circunstancialmente vacantes na policía local, nos casos de urxente ou inaprazable necesidade ou aqueles outros casos accidentais que o demandaran xustificadamente por non estar desempeñados efectivamente polos seus titulares. Esta habilitación por substitución trata de suplir as necesidades de Servizo da Policía local motivadas pola situación de vacante dos postos de traballo durante o tempo en que a persoa titular non preste os seus servizos por estar en situación de incapacidade temporal, por período de vacacións ou por calquera outra circunstancia que motive a dita necesidade circunstancial de substitución.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*23ª.—Disposición final*

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Lexislación reguladora das bases do réxime local, así como na Lexislación reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo corresponda.

Así mesmo a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*ANEXO: TEMARIO ACCESO A CATEGORÍA DE INSPECTOR*

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Constitución. Concepto e clases. O poder constituínte. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguranza. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: Dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguranza.

4. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e a liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguranza. Dereito de petición.

5. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Valedor do Pobo.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

6. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

7. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

8. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. Mención ao Tribunal Superior de Xustiza.

9. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía para Galicia.

10. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

11. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

12. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

13. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

14. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias.

15. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

16. Bens, actividades e servizos públicos na esfera local.

17. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

18. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

19. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

20. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Disposicións xerais. Principios básicos de actuación. Disposicións estatutarias comúns. Réxime disciplinario.

21. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Funcións da policía local.

22. Lei de coordinación das policías locais de Galicia. Estrutura e aspectos esenciais.

23. A selección, formación, promoción e mobilidade das policías locais de Galicia.

24. Réxime disciplinario da policía local. Réxime de incompatibilidades. Segunda actividade. Retribucións.

25. A policía local como instituto armado de natureza civil. Lexislación aplicable sobre armamento. O uso de armas de fogo.

26. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo, abastos, mercados. Venda ambulante.

27. A actividade da policía local como policía administrativa II: espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos públicos.

28. A actividade da policía local como policía administrativa III: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

29. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

30. Os plans de emerxencia. Coordinación de todas as administracións. Actuación policial.

31. Concepto e contido do dereito penal. Principios que o informan. Principio de legalidade. Principio de irretroactividade e as súas excepcións.

32. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal.

33. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de execución do delito.

34. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

35. Delitos contra a Administración pública.

36. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.

37. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

38. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

39. Delitos contra a saúde pública. Tráfico de drogas.

40. Delitos relativos á ordenación do territorio e á protección do patrimonio histórico e do ambiente.

41. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

42. As penas. Concepto, clases: privativas de liberdade, privativas de dereitos e multa. Clasificación pola súa gravidade: graves, menos graves e leves.

43. A policía local como policía xudicial. Lexislación e funcións.

44. O atestado policial na Lei de axuizamento criminal. Concepto e estrutura.

45. Entrada e rexistro en lugar pechado. Intervención das comunicacións telefónicas. Intervención das comunicacións postais. Uso da información obtida por estes medios.

46. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención.

47. Contido da asistencia letrada ao detido. Dereito do detido. Responsabilidades penais en que pode incorrer o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.

48. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

49. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.

50. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia.

51. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

52. Permisos e licenzas de condución: as súas clases. Intervención, suspensión e revogación.

53. Transporte de mercadorías perigosas por estrada. Normativa legal. Intervención en caso de accidente. A inspección técnica de vehículos. Transporte escolar: normativa vixente. O tacógrafo: definición e uso.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

54. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

55. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local.

56. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Doutrina constitucional. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.

57. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

58. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

59. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural. A policía como servizo á cidadanía. Colaboración con outros servizos municipais.

60. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero.

61. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e subordinados. Dirección de equipos de traballo. Concepto e características do mando: funcións, estilos, metodoloxía; relación cos subordinados; técnicas de dirección e xestión de reunións.

62. Toma de decisións: proceso, deberes cara á organización; poder e autoridade.

63. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

64. Responsabilidade no exercicio profesional. Principio de xerarquía e subordinación. Relacións interpersoais. Integridade e imparcialidade. Consideración ética da dirección de persoal.

65. Deontoloxía profesional. Código de conduta para funcionarios encargados de facer cumprir a lei. Declaración do Consello de Europa sobre a policía. Principios básicos de actuación policial desde a perspectiva deontolóxica.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

## UNHA PRAZA DA CATEGORÍA DE INTENDENTE

*1ª.—Número de prazas e características*

Convócase unha (1) praza da categoría de intendente, integrada no grupo "A", subgrupo "A1", da escala executiva de administración especial, subescala de servizos especiais, do Corpo da Policía Local do Excmo. Concello de Pontevedra, dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e coas complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

Figura incluída dentro do réxime de dedicación exclusiva.

*2ª.—Sistema de acceso*

Establécese o sistema de concurso-oposición mediante o procedemento de promoción interna para a súa provisión.

*3ª.—Requisitos para o acceso*

1. Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser funcionario de carreira do corpo da policía local do Concello de Pontevedra cun mínimo de tres anos continuados de servizo activo na categoría inmediata inferior (inspector principal), computándose tamén neste caso o tempo de segunda actividade por causa de embarazo e lactación. Este requisito será comprobado pola administración municipal de oficio.

b) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso á categoría de intendente (grupo A, subgrupo A1), consonte a normativa de función pública e, en todo caso, de acordo coa lexislación vixente reguladora da coordinación de policías locais de Galicia. Para a acreditación de tal requisito deberase achegar polo aspirante copia do título oficial, e, no seu defecto, copia do xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse copia da certificación do Ministerio de educación, cultura y deporte en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).

c) Non ter sido sancionado por falta grave ou moi grave, ou telas canceladas.

d) Presentación do xustificante de aboamento dos dereitos de exame.

e) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

2. Todos estes requisitos deberán acreditalos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

*4ª.—Presentación de solicitudes e documentación para a fase de concurso*

As instancias dirixiranse ao Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pontevedra, e presentaranse no Rexistro Xeral no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. A instancia conterá, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegando unha copia do DNI, xustificación do pagamento dos dereitos de exame e demais requisitos esixidos na base anterior. Xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, os aspirantes deberán achegar copia da documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo.

Ademáis na solicitude deberase elixir a língua (galego ou castelán) en que queren que se lles plantexen os exercicios. Se non se sinala nada entenderase que a lingua elixida é a galega. Por motivos de operatividade, unha vez escollido un idioma non se permite a sua modificación.

Para a xustificación dos méritos o aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar no devandito prazo copia da correspondente solicitude, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso, non procederá a súa valoración senón fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.

O tribunal poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados e sen xustificación nos termos establecidos nos dous parágrafos anteriores.

Poderanse facilitar modelos normalizados das devanditas solicitudes.

Así mesmo, tamén poderán presentarse nas demais formas que determina a lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

Os aspirantes quedan vencellados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

*5ª.—Dereitos de exame*

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas convocadas o aboamento dos dereitos de exame de conformidade co establecido na base terceira.

Para isto, os aspirantes deberán autoliquidar a taxa por dereitos de exame a través da sede electrónica do concello de Pontevedra (https://sede.pontevedra.gal/) e facela efectiva en calquera das entidades bancarias que se indican no documento de autoliquidación.

No xustificante de aboamento, que se deberá achegar á solicitude de participación no correspondente proceso selectivo, deberase facer constar o nome e apelidos do aspirante así como a praza a que opta.

As cantidades a aboar en concepto de dereitos de exame, será de 33,40 euros.

Os dereitos de exame seranlles reintegrados á petición dos interesados, aos aspirantes que fosen excluídos definitivamente da listaxe de admitidos.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

*6ª.—Relación de aspirantes admitidos e excluídos*

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e despois de comprobadas, o órgano competente ditará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal cualificador.

A resolución publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello e, de forma complementaria, publicarase na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), concedéndose un prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo correspondente, e fixará o lugar e a data de comezo das probas.

*7ª.—Tribunal cualificador*

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o concelleiro competente, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos e excluídos a cada proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non pudendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común., así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme a lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración é as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interpoñerse recurso ante a autoridade que nomee ao seu Presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

*8ª.—Obriga dos aspirantes de concorrer ás probas*

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impedir acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto recollido no parágrafo seguinte.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou posparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes en que concorra a dita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese efectuar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ao resto das probas.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

En calquera caso, daráselle por superado o proceso selectivo a aqueles aspirantes que obtivesen unha puntuación final que non puider ser acadada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.

As mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días do puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse co tempo suficiente e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas as conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo, calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. Á solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, o tribunal poderá determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

*9ª.—Comezo dos exercicios*

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse cada tribunal, así como o día, hora e lugar para a cualificación dos méritos alegados, anterior a fase de oposición anunciarase no BOP e no taboleiro de anuncios da corporación xunto coa resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos. De forma complementaria, publicarase na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal no taboleiro de anuncios da corporación con 24 horas de antelación cando menos a tal realización.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único; perderán o seu dereito os opositores que non comparezan cando se realice.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Comezarase pola fase de concurso. O tribunal deberá reunirse antes do primeiro exercicio da oposición para proceder á valoración e cualificación dos méritos achegados e xustificados polo aspirante. A cualificación da fase de concurso deberá publicarse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello antes do inicio do primeiro exercicio da fase de oposición e, de forma complementaria, publicarase na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

*10ª.—Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas*

En calquera momento o tribunal poderá requirir os opositores para que acrediten a súa identidade.

A orde de actuación das/os opositoras/es iniciarase alfabeticamente pola/o primeira/o da letra «S», de conformidade co establecido na Resolución do 29 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 28, do 11 de febreiro) pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na Resolución do 13 de xaneiro de 2015 da Consellería de Facenda (DOG núm. 16, do 26 de xaneiro), ao tratarse dunha convocatoria correspondente á oferta de emprego público para o ano 2015.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propor ao órgano competente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello, a relación de aspirantes que o superasen coa indicación da puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos, e polo tanto quedarán eliminados do proceso selectivo.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, agás a lectura polos opositores dos exercicios escritos, cando así estea establecido nas presentes bases ou, chegado o caso, cando o acorde o tribunal, que se realizarán en sesión pública. Neste caso, o aspirante que non acuda á lectura pública será declarado non apto e polo tanto eliminado do proceso selectivo.

Dende a total terminación dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 15 días hábiles.

En todo caso, para os efectos do cómputo dos prazos previstos nas presentes bases reguladoras, considérase publicación oficial dos anuncios do tribunal cualificador do proceso selectivo aquela publicación realizada no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo).

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

*11ª.—Fase de concurso*

O procedemento de concurso consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificados, se é o caso, polos aspirantes, de acordo co baremo que se determina a continuación:

*A.1. Titulacións académicas*

As titulacións que se baremarán serán as seguintes:

— Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
— Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
— -Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
— Bacharel, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Puntuación máxima da epígrafe A.1: 4,00 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, agás que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse polo aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

*A.2. Antigüidade*

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

— Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
— Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguranza: 0,10 puntos.
— Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

Puntuación máxima do apartado A.2.: 4,00 puntos.

Non se computarán a efectos de valorar a antigüidade nesta fase de concurso os tres anos de antigüidade que se exisen como requisito de acceso para participar neste sistema de promoción interna.

*A.3. Formación e docencia*

A.3.1. Formación profesional continua:

A.3.1.1. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

— Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.
— Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
— Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
— Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

A.3.1.2. Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

— Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
— Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
— Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
— Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
— Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 punto.
— Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguranza; os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe A.1 anterior, nin a superación de materias destes.

A.3.2. Docencia:

A.3.2.1. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguranza, valoraranse por hora impartida a razón de:

— Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
— Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

A.3.2.2. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, desenvoltas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

— Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
— Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos desta epígrafe A.3. deberán acreditarse dentro do prazo establecido nas presentes bases, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

Puntuación máxima do apartado A.3.: 8,00 puntos.

*A.4. Distincións e recompensas oficiais*

— Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
— Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.
— Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.
— Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
— Distinción do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

Puntuación máxima da epígrafe A.4.: 2,00 puntos.



Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*A.5. Idiomas*

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos.

— Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 punto.
— Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

b) Niveis.

— Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
— Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
— Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

Puntuación máxima do apartado A.5.: 4,00 puntos.

*A.6. Lingua galega*

— Celga 1: 0,25.
— Celga 2: 0,50.
— Celga 3: 0,75.
— Celga 4: 1,00.
— Curso de iniciación: 0,75.
— Curso de perfeccionamento: 1,00.
— Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 1,50.
— Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,00.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

Puntuación máxima do apartado A.6.: 2,00 puntos.

A puntuación de cada aspirante na fase de concurso será a suma das puntuacións obtidas en cada apartado, tendo en conta o límite establecido en cada un deles e ponderada do xeito establecido na base 13.

*12ª.—Fase de oposición*

As probas da oposición, obrigatorias e eliminatorias, son as seguintes, citadas polo orde en que deberán desenvolverse:



Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

PRIMEIRO EXERCICIO OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.—Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 120 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, sobre o total dos contidos do temario anexo, que serán propostas polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio. Neste exercicio os aspirantes deberán amosar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización e o tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio

Esta proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N=(A-F/3)/12$$

Sendo *N*= nota final da proba; *A*= preguntas acertadas; *F*= preguntas falladas ou non respostadas.

SEGUNDO EXERCICIO OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.—Consistira na resolución dun caso práctico relacionado co temario anexo, que os aspirantes terán que desenvolver no tempo máximo dunha hora. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal en sesión pública. Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Esta proba cualificarase de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado.

A puntuación da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións do primeiro e segundo exercicio. A puntuación obtida por cada aspirante deberase ponderar segundo se establece na base seguinte.

*13ª.—Puntuación final dos aspirantes e publicación da relación de aprobados*

Tendo en conta que a fase de concurso lle corresponde unha porcentaxe máxima do 40% da puntuación máxima total, incluída a oposición, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia o máximo de puntos que os aspirantes poderían acadar (24 puntos), ao cal se lle outorgarán os catro puntos. Proporcionalmente se lle asignara a puntuación da fase de concurso a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

Do mesmo xeito que para a fase de concurso, para a fase de oposición deberase ponderar a puntuación obtida por cada aspirante calculada como se indica na base anterior en relación co 60% da nota final. Tomarase por tanto como referencia o máximo de puntos que os

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

aspirantes poderían acadar na oposición, que sería un dez, ao cal se lle outorgarán os seis puntos. Proporcionalmente se lle asignará a puntuación da fase de oposición a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

Para determinar a cualificación final do concurso oposición sumarase a obtida segundo os parágrafos anteriores para a fase de concurso e a fase de oposición. O tribunal proporá ao órgano convocante e fará pública a relación de aprobados, por orde decrecente de puntuación, cuxo número máximo deberá coincidir co de prazas convocadas. Terase en conta, para os efectos desta relación, o previsto no parágrafo segundo da base 8ª.

O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, en que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superen o proceso selectivo, non resulten aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos en que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, e sempre con anterioridade ao desenvolvemento do curso correspondente, o órgano competente, ao abeiro do disposto no artigo 61.8º da Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, deberá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadado.

Habida conta da infrarrepresentación do sexo feminino no corpo da policía local e en aplicación do artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm.32, do 17/02/2016), establecese que de existir empate entre dous ou mais candidatos, serán admitidas as mulleres, salvo si considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existisen motivos non discriminatorios para preferir ao home.

De persistir o empate irase ao exame tipo test dos opositore/as afectados e verase quen deles tivo en primeiro lugar unha resposta errónea. En último caso, se persiste o empate, este resolverase mediante sorteo cuxa realización se anunciará, para a posible presencia dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado, cunha antelación mínima de 48 horas, no taboleiro de anuncios do Concello sito na rúa Michelena 30 (baixo) e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

A relación de aprobados publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e, de forma complementaria, publicarase na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

*14ª.—Solicitude de prazas no curso selectivo*

O concello convocante comunicará sen demora á Academia Galega de Seguridade Pública a relación do alumnado que debe incorporarse ao curso selectivo, e solicitará a reserva das prazas correspondentes.

*15ª.—Nomeamento como persoal funcionario en prácticas*

Para o desenvolvemento do curso selectivo de formación, as persoas aprobadas serán nomeadas funcionarias en prácticas, cos dereitos e deberes que legalmente lles correspondan segundo a súa situación e categoría.

*16ª.—Curso selectivo de capacitación para a nova categoría e obriga da súa superación*

A superación do curso selectivo resulta obrigatoria para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría correspondente (intendente). Só estarán dispensadas de realizar o dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, agás por causas excepcionais, considerarase que o aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na academia, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos acadados no proceso selectivo.

*17ª.—Informe da Academia Galega de Seguridade Pública e toma de posesión*

Unha vez superado o curso selectivo a academia emitirá informe ao concello correspondente certificando tal circunstancia, de xeito que se poida proceder ao nomeamento como persoal funcionario de carreira e á toma de posesión na praza ou posto concreto.

*18ª.—Nomeamento dos funcionarios e toma de posesión*

Os nomeamentos dos funcionarios de carreira efectuaranse polo órgano competente unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

Os nomeamentos efectuados publicaranse no Diario Oficial de Galicia sen prexuízo da súa toma de posesión unha vez practicada a notificación persoal do nomeamento.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de dez días, contados desde o día seguinte á notificación do nomeamento; previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril. De non tomar posesión no prazo indicado os nomeados quedarán na situación de cesantes, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

*19ª.—Carácter vinculante das bases*

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

*20ª.—Incidencias*

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

*21ª.—Réxime xurídico*

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais; Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007; a Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm.32, do 17/02/2016),; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, e demais disposicións.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

*22ª.—Disposición final*

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Lexislación reguladora das bases do réxime local, así como na Lexislación reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo corresponda.

Así mesmo a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*ANEXO: TEMARIO ACCESO A CATEGORÍA DE INTENDENTE*

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Constitución. Concepto e clases. O poder constituínte. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguranza.

3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

4. Dereitos fundamentais e liberdades públicas III: Dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión.

5. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguranza. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e a liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguranza. Dereito de petición

6. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica.

7. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Valedor do Pobo.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

8. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

9. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

10. Organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. Mención ao Tribunal Superior de Xustiza.

11. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía para Galicia.

12. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

13. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

14. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

15. Responsabilidade das administracións públicas e das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo. Peculiaridades do ámbito local.

16. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

17. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias.

18. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

19. Os bens das entidades locais. Réxime de utilización dos bens de dominio público.

20. O servizo público na esfera local. Modos de xestión dos servizos públicos.

21. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

22. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

23. As multas municipais. Concepto e clases. Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora da Administración.

24. Os orzamentos municipais. Concepto e clases. Ingresos municipais. As ordenanzas fiscais. Documentos contables.

25. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario.

26. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios públicos. Situacións administrativas.

27. A función policial como servizo público. Concepto de policía. Modelo policial español.

28. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Disposicións xerais. Principios básicos de actuación. Disposicións estatutarias comúns. Réxime disciplinario.

29. Competencias das forzas e corpos de seguranza do Estado. As policías autónomas. As policias locais.

30. Lei de coordinación das policias locais de Galicia. Estrutura e aspectos esenciais.

31. A selección, formación, promoción e mobilidade das policias locais de Galicia.

32. Réxime disciplinario da policía local. Réxime de incompatibilidades. Segunda actividade. Retribucións.

33. A policía local como instituto armado de natureza civil. Lexislación aplicable en materia de armamento. O uso de armas de fogo.

34. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo, abastos, mercados. Venda ambulante.

35. A actividade da policía local como policía administrativa II: espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos.

36. A actividade da policía local como policía administrativa III: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

37. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

38. Os plans de emerxencia. Coordinación de todas as administracións. Actuación policial.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

39. Concepto e contido do dereito penal. Principios que o informan. Principio de legalidade. Principio de irretroactividade e as súas excepcións.

40. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal.

41. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de execución do delito.

42. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

43. Delitos contra a Administración pública.

44. Atentados contra a autoridade e as súas axentes. Desordes públicas.

45. Homicidio e as súas formas.

46. Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

47. Delitos contra a saúde pública. Tráfico de drogas.

48. Delitos relativos á ordenación do territorio e á protección do patrimonio histórico e do ambiente.

49. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

50. Faltas contra as persoas e contra o patrimonio.

51. As penas. Concepto, clases: privativas de liberdade, privativas de dereito e multa. Clasificación pola súa gravidade: graves, menos graves e leves.

52. A xurisdición e competencias dos xulgados e tribunais penais. Normas de funcionamento. Procedementos xudiciais en materia penal. O sistema procesual español. Principios que o rexen. O Ministerio Fiscal.

53. A policía local como policía xudicial. Lexislación e funcións.

54. O atestado policial na Lei de axuizamento criminal. Concepto e estrutura.

55. Entrada e rexistro en lugar pechado. Intervención das comunicacións telefónicas, intervención das comunicacións postais. A filmación videográfica en espazos públicos. Uso da información obtida por estes medios.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

56. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención.

57. Contido da asistencia letrada ao detido. Dereito do detido. Responsabilidades penais en que pode incorrer o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.

58. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

59. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.

60. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia.

61. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

62. Permisos e licenzas de condución: as súas clases. Intervención, suspensión e revogación.

63. Transporte de mercadorías perigosas por estrada. Normativa legal. Intervención en caso de accidente.

64. A inspección técnica de vehículos. Transporte escolar: normativa vixente. O tacógrafo: definición e uso.

65. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

66. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local.

67. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Doutrina constitucional. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.

68. Técnicas de tráfico I: ordenación e regulación do tráfico rodado. Conceptos básicos: densidade, intensidade, capacidade e velocidade. Sinalización das vías. Características dos sinais de tráfico. Instalación de semáforos.

69. Técnicas de tráfico II: o estacionamento de vehículos. Concepto e problemática. Ordenación do estacionamento. Circulación peonil.

70. Vehículos abandonados na vía pública. Obxectos perdidos.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

71. Toxicomanías. Clasificación das drogas. Lexislación aplicable.

72. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social, cultural.

73. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos. A policía como servizo á cidadanía. Colaboración con outros servizos municipais.

74. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitudes, valores, prexuízos e estereotipos. Formación de actitudes e relación coa conduta. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

75. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

76. Situacións de crise ou desastres. Efectos e reaccións ante estas situacións.

77. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e subordinados. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

78. O mando: concepto, estilos, calidades, trazos e regras; características do mando: funcións, estilos, metodoloxía; relación con subordinados; técnicas de dirección e reunións.

79. Toma de decisións: proceso, deberes cara á organización e relación cos subordinados; poder e autoridade.

80. Técnicas de dirección de persoal: concepto, funcións e responsabilidade. Planificación. Organización, distribución, execución e control do traballo policial. Reunións de grupo. Formación, reciclaxe e perfeccionamento profesional dos membros do equipo.

81. Calidade nos corpos de policía local.

82. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

83. Responsabilidade no exercicio profesional. Principio de xerarquía e subordinación. Relacións interpersoais. Integridade e imparcialidade. Consideración ética da dirección de persoal.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

84. Deontoloxía profesional. Código de conduta para funcionarios encargados de facer cumprir a lei. Declaración do Consello de Europa sobre a policía. Principios básicos de actuación policial.

85. A investigación policial. Concepto e fins. Fundamentos da información nun Estado de dereito. Técnicas de investigación. A información na investigación. Fontes de información.

86. A identificación policial. Arquivos policiais. Fondos documentais. Fotos e álbums. Notas informativas. Operacións de vixilancia e seguimento. Definicións. Clases. Fases. Persoal. Redacción de informes.

87. A intervención. A policía como servizo público: o auxilio ao cidadán. Causas da intervención. Toma de decisións. As dilixencias policiais e o informe.

88. A prevención. Vixilancia das cidades. Presenza policial na rúa. Autoprotección durante o servizo.

89. Seguranza cidadá e estrutura policial. Clasificación. Servizos. Unidades e grupos básicos. Natureza operativa. Funcións.

90. Custodia de persoas. Ingreso de detidos en dependencias policiais. Formalidades. Vixilancia de menores e outros supostos especiais."

A data de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado será a data a partir da cal comezará a contar o prazo de 20 días naturais para a presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo convocado.

*RECURSOS PROCEDENTES:*

Contra o precedente Anuncio que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Xunta de Goberno Local e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 116-1 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira, o ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 117-2 da devandita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43-2 da

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0

Lei 30/92, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ó establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, 20 de xuño de 2016.—O Concelleiro Responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, Vicente García Legísima.

Código seguro de verificación: 8VJRPAA0VXQ61ZY0